

ACTA DE SESION CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA VINTE E NOVE DE ABRIL DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente: D. JOSE LUIS GONZALEZ RODRIGUEZ
Tenente de Alcalde: D. XOSE UXIO RODRIGUEZ BLANCO
Dna. ELENA FREIJEDO LEDO
D. FLORENTINO NOGUEIRA RODRIGUEZ
Secretaria: Dna. LUCIA ARTIME ALONSO

Na casa do Concello de Piñor, sendo as 17.00 horas do 29 de abril do 2016, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don José Luís González Rodríguez, reúnese en sesión ORDINDARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta de sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 10 de marzo do 2016, que se aproba por unanimidade votos a favor.

2º.- Dar conta das comunicacións previas

2.1.- Comunicación previa de cambio de titularidade

Dáse conta do cambio de licenza de actividade a favor de D. JESUS DIAZ CIVEIRA con DNI 76.816.432-C, da titularidade da licenza de actividade de establecemento "Nueva York" destinado a Café-Bar, no núcleo de As Lagoas. Resolución de data de 22.03.2016
A Xunta de Goberno dáse por enterada.

2.2.- Comunicación previa de obra

Dáse conta da *Resolución de Alcaldía de data de 26.04.2016* do expediente número 16/749 de comunicación previa presentada Dna. AMALIA GARCIA GOMEZ con DNI 34466932Y, para levar a cabo as obras consistentes encintar fachada, con morteiro cor terra, da edificación anexa a vivenda con ref. cat. 000803700NH80E, no núcleo de Barrán. Segundo as condicións do informe da arquitecta municipal de data 26.04.2016.

*Unha vez rematadas as obras deberase dar comunicado ó Concello para facer a pertinente **visita de comprobación** do resultado das mesmas.*

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de dezaseis euros con vinte céntimos (16,20 €).

A Xunta de Goberno dáse por enterada.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 252

Serie A N.º 2620110

2.3.- Comunicación previa de obra

Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 26.04.2016 do expediente número 16/790 de comunicación previa presentada Dna. ISABEL GONZALEZ CIVEIRA con DNI 34928009W, para levar a cabo as obras consistentes en colocar portón de madeira de 9 m² en galpón, no núcleo da Mirela. Segundo as condicións do informe da arquitecta municipal de data 26.04.2016.

*Unha vez rematadas as obras deberase dar comunicado ó Concello para facer a pertinente **visita de comprobación** do resultado das mesmas.*

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de vinte e un euros con sesenta céntimos (21,60 €).

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

3º.- Aprobación, se procede, da substitución do vehículo destinado ó servizo de taxi.

En relación o escrito presentado por D. JOSE LUIS RODRIGUEZ GONZALEZ, con DNI 34.948.079-Q, que tivo entrada no rexistro do Concello de Piñor con número 707 en data 12.04.2016, solicitando a AUTORIZACIÓN PARA LEVAR A CABO A SUBSTITUCIÓN DO VEHÍCULO DESTIANDO Ó SERVIZO PÚBLICO DE TAXI COMO TITULAR DA LICENZA nº5.

A Xunta de Goberno, segundo o artigo 28 da Lei 4/2013, 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, acorda:

CONCEDERLLE A AUTORIZACIÓN para a substitución do vehículo destinado ó servizo de taxi, a un LAND ROVER DISCOVERY SPORT, número de identificación SALCA2DN4GH562600, posto que é máis novo e reúne as condicións esixidas para a prestación do servizo.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 01/03/16 pola que se resolve se desestime o escrito de alegacións presentado por D. Valeriano Gómez Salve en representación de Maderas Fernández, por carecer de fundamento e outorgar o interesado o prazo de 10 días para modificar a solicitude de licenza.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.2.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 07/03/16, a vista de que neste concello para a tramitación da altas no Padrón Municipal de Habitantes, ademais da documentación perceptiva e o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei de Bases de Réxime Local e do do Regulamento da Poboación e Demarcación das Entidades Locais, xirábanse visitas de inspección, a vista da sentenza do Procedemento Abreviado: 0000080/2015-D do Contencioso nº 2 de Ourense o respecto e vista a Resolución de 16 de marzo de 2015, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución 30 de xaneiro de 2015, pola Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeneral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais,



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

sobre instrucións técnicas ós Concellos sobre xestión do Padrón Municipal, resolverse que a partir do día oito de marzo de 2016, as solicitudes de empadramento que se presenten se tramitarán conforme ó establecido na citada Resolución do 30 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.3.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 10/03/16, pola que se resolve que se proceda á tramitación do expediente e a solicitude de subvención da Deputación Provincial de Ourense segundo as bases publicadas no BOP número 39, do xoves 18 de febreiro para a organización de actividades físico –deportivas para o ano 2016 segundo a memoria elaborada ó efecto. E se proceda a aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.4.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 10/03/16, pola que se resolve acordar a adhesión do Concello de Piñor ó Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica ós concellos e mancomunidades en materia de servizos sociais comunitarios para o ano 2016, referida as seguintes liñas de actuación: asistencia económica para contratación de persoal técnico e asistencia económica para o servizo de axuda no fogar básico. Manifestando a conformidade do Concello coa asunción de obrigas e compromisos previstos no programa, en particular cos relativos o pagamento, xustificación, control financeiro das subvencións e subministración de información a Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.5.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 15/03/16, pola que se resolve que se proceda á tramitación do expediente e a solicitude de subvención da Deputación Provincial de Ourense segundo as bases publicadas no BOP número 37, do martes 16 de febreiro para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns segundo a memoria elaborada ó efecto. E se proceda a aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.6.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 18/03/16, pola que se resolve proceder á tramitación do expediente de contratación de un/unha auxiliar de axuda no fogar a tempo parcial e de seis meses de duración para cubrir as vacacións das auxiliares que prestan o servizo e se proceda a elaborar as bases de convocatoria que rexerán o proceso de selección.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.7.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 18/03/16, pola que se resolve aprobar as bases da convocatoria para a selección dun/ dunha auxiliar de axuda no fogar para cubrir as vacacións das auxiliares que prestan o servizo e que se procedan a súa publicación no BOP e na páxina Web do Concello de Piñor e no taboleiro de anuncios.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 253

Serie A N.º 2620111

Podendo presentarse os interesados durante o prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte á publicación no BOP de Ourense, para presentación de solicitudes no Rexistro Xeral sito na Casa do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.8.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 22/03/16, pola que se resolve autorizar ó enganche á rede de sumidoiros de augas residuais a D. Marcos Antonio González de Sousas, para a vivenda sita no lugar de Cotelas. Aprobar a liquidación da taxa de alta para aboar polo dereito de enganche á rede que será de 50,00€ por abonado. E comunicarlle a D. Marcos Antonio González de Sousas que deberá notificar o Concello o día e a hora na que se executará o enganche na rede de sumidoiros municipal, para que o persoal do Concello, inspeccione e vixie as conducións, instalacións e aparellos, tanto nas vías públicas como nos predios particulares, podendo acordarse a contratación solicitada. A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.9.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 22/03/16, pola que se resolve autorizar a proba deportiva denominada I Rallymix do Concello de Piñor, vista a documentación presentada por D. Ignacio Dávila Estévez. Notificar a presente resolución á Escudería organizadora do evento.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.10.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 22/03/16, pola que se resolve proceder á tramitación do expediente e a solicitude de subvención a concellos para o apoio ós investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, segundo as bases publicadas no DOG número 40 do luns 29 de febreiro de 2016 para a elaboración de dípticos informativos turísticos do Concello de Piñor, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.11.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 23/03/16, pola que se procede o pago das facturas da Sociedade Galega do Medio Ambiente, nº 1034(30/04/15) e nº 1409(31/05/15) coa seguinte salvedade: con reserva expresa e sen prexuízo do que resulte da cuestión de inconstitucionalidade suscitada con relación á DA1º da lei 11/2013, do 26 de novembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e das consecuencias que, se é o caso, poida ter para os efectos da compensación de créditos e débedas entre Sogama e o Concello.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.12.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 29/03/16, pola que se resolve solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista de 123.773,85€ para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

decreto 99/2012, do 16 de marzo segundo as memorias elaboradas ó efecto para os seguintes conceptos:

- Persoal: 29.702,82€
- Mantemento: 679,04€
- Axuda no fogar modalidade persoas dependentes: 83.829,17€
- Axuda no fogar prestación básica do Plan Concertado: 5.844,31€
- Xestión de programas: 3.718,51€

Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ó exercicio 2016 na contía de 39.771,34€ que supón unha porcentaxe do 24,32% sobre o orzamento total do proxecto. A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.13.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 01/04/16, pola que se resolve aprobar o proxecto de rehabilitación das fontes de Albarona e Freas redactado pola arquitecta Dna. Sandra González Rodríguez cun orzamento de 10.025,00€. Declarada a conformidade coa ordenación urbanística aplicable e disposición das autorizacións sectoriais esixibles.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.14.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 01/04/16, pola que se resolve autorizar a substitución para o exercicio das funcións de Secretaría – Intervención por D. Juan Manuel Alvarez Fernández dende o día 1 de abril de 2016 ata a incorporación de Dna. Pilar Fernández Alonso, titular da praza que se encontra na actualidade en permiso por lactancia. Dando conta desta resolución a Dirección Xeral de Administración Local.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.15.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 11/04/16, pola que se resolve que durante o prazo de presentación de solicitudes para o proceso de selección dun/dunha auxiliar de axuda no fogar a tempo parcial durante seis meses, foron presentadas, en tempo e forma, as seguintes:

- Yolanda Cid Saavedar: Nº de rexistro: 606 do 29/03/16
- Ofelia Bouzo Novoa: Nº de rexistro: 617 do 31/03/16.

Desígnanse como membros da mesa de selección os que a continuación se detallan:

- Presidenta: Dna. Pilar Fernández Alonso (Secretaria do Concello de Piñor)
- Secretario: D. Juan Manuel Alvarez Fernández (Funcionario do Concello de Piñor)
- 1º Vogal: Dna. Natalia Ocampo Fernández (Traballadora Social da Mancomunidade do Carballiño)
- 2º Vogal: D. Julio Deus Soto (Traballador Social da Mancomunidade do Carballiño)
- 3º Vogal: Dna. Belén Nogueroles Freijedo (Funcionaria do Concello de San Cristovo de Cea)
- Asesora: Dna. María Teresa Fernández Pérez (Traballadora Social do Concello de Piñor)



E establécese que o proceso selectivo terá lugar o día 15 de abril de 2016 a partir das 11:00h na Casa do Concello de Piñor.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.16.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 14/04/16, pola que se resolve recoñecerlle a Dna. Carmen Gómez Alvarez o dereito á percepción do programa "Xantar na casa" en base á proposta técnica dos Servizos Sociais Comunitarios que consideran idónea a prestación do citado servizo coa maior celeridade posible.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.17.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 15/04/16, pola que se resolve proceder a contratación por seis meses a xornada parcial (sete horas o día) a partir do 16 de abril de 2016 para cubrir a praza de auxiliar de axuda no fogar a Ofelia Bouzo Novoa, persoa proposta pola comisión de selección. Notificando o resultado á candidata seleccionada e citándoa para a sinatura do contrato.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.18.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 18/04/16, pola que se resolve proceder ó nomeamento da funcionaria Dna. Lucía Artime Alonso, pertencente a Subescala de Secretaría – Intervención, como Secretaria – Interventora desta Corporación en Réxime de Acumulación.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.19.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 20/04/16, pola que se resolve aboar o custo dos desprazamentos realizados no primeiro trimestre do ano 2016 por parte das auxiliares que prestan o servizo de Axuda no Fogar.

AUXILIAR	QM TRIMESTRE	CANTIDADE A ABOAR
MARÍA PAZ RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	1005,50	191,04 €
MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ IGLESIAS	1965,90	373,52 €
MARÍA SOL DOMÍNGUEZ MONTES	1025,90	194,92 €
MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ CIBEIRA	839,70	159,54 €
MARÍA CARMEN DÍAZ DURÁN	1751,80	332,84 €
CARMEN LAGE GARCÍA	684,50	130,06 €
TOTAL	7273,30	1381,92 €

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

5º.- Aprobación, se procede, de facturas.

A Xunta de Goberno Local acorda aproba por unanimidade as facturas que se relacionan a continuación e que tiveron entrada no rexistro do Concello de Piñor, recoñecendo o gasto e ordenando os Servizos de Intervención para que se proceda a súa contabilización nas partidas correspondentes.

PROVEEDOR	Nº FACTURA	DATA	DATA REX	PROGRAMA	PARTIDA	IMPORTE
CONSULTORÍA INRUPRE, SL	36	07/03/2016	09/03/2016	454	619.03	2.067,04 €
ATELIER SOCIAL, SL	1	11/01/2016	11/03/2016	920	227.99	360,00 €
ATELIER SOCIAL, SL	2	29/02/2016	11/03/2016	920	227.99	1.400,00 €
JULIA RODRIGUEZ PARGA	10	29/02/2016	11/03/2016	454	210	21,78 €
HIPOLITO NOVOA VAZQUEZ	126	29/02/2016	11/03/2016	450	213	431,97 €
BEGOÑA PEREZ VAZQUEZ	162	20/01/2016	11/03/2016	920	226.04	80,10 €
BEGOÑA PEREZ VAZQUEZ	29	01/02/2016	11/03/2016	920	226.04	301,50 €
BEGOÑA PEREZ VAZQUEZ	48	01/02/2016	11/03/2016	920	226.04	66,18 €
BEGOÑA PEREZ VAZQUEZ	30	01/02/2016	11/03/2016	920	226.04	77,25 €
BEGOÑA PEREZ VAZQUEZ	196	01/02/2016	11/03/2016	920	226.04	140,32 €
BEGOÑA PEREZ VAZQUEZ	62	08/03/2016	11/03/2016	920	226.04	66,18 €
PEDRO TREPAT SILVA	26	09/03/2016	11/03/2016	920	227.99	6.360,00 €
ANEXO 4 PROTECCIÓN DE DATOS, SL	10	08/03/2016	14/03/2016	920	227.99	629,20 €
MARIA DE LA PAZ RODRIGUEZ ALVAREZ	4	29/02/2016	14/03/2016	454	210	17,36 €
WURTH, SL	126	25/02/2016	28/03/2016	920	216	728,00 €
WURTH, SL	127	25/02/2016	28/03/2016	920	216	749,99 €
PLACIDO FARIÑAS, SL	221	31/10/2014	01/04/2016	165	221.12	131,89 €
PLACIDO FARIÑAS, SL	220	31/10/2014	01/04/2016	165	221.12	631,62 €
JOSE LUIS RODRIGUEZ GONZALEZ	4471	31/03/2016	05/04/2016	453	210	166,15 €
SUMINISTROS DE OFICINA SIERO, SL	20161122	31/03/2016	05/04/2016	920	220	576,54 €
FARIÑAS INSTALACIONES, SL	11	31/03/2016	06/04/2016	165	221.12	390,14 €
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA	FE16321197060158	06/03/2016	06/04/2016	165	221.00	232,86 €
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA	FE163211198163928	22/03/2016	07/04/2016	165	221.00	754,99 €
SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, SL	673	31/03/2016	07/04/2016	153	210	74,05 €
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA	FE16321198163929	22/03/2016	07/04/2016	165	221.00	503,49 €
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA	FE16321197286264	09/03/2016	08/04/2016	165	221.00	189,05 €
ESTACION DE SERVICIO ATENED, SL	48	31/03/2016	08/04/2016	450	221.03	1.318,34 €
INFORCOPIA ACO, SLL	651	07/04/2016	08/04/2016	920	220	103,79 €
MARIA DE LA PAZ RODRIGUEZ ALVAREZ	7	31/03/2016	08/04/2016	454	210	50,90 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	893	31/03/2016	12/04/2016	162	453	1.308,74 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	887	31/03/2016	12/04/2016	162	453	124,88 €
SANDRA GONZALEZ RODRIGUEZ	5	08/04/2016	12/04/2016	151	227.06	1.498,25 €
LA VOZ DE GALICIA, SA	2934	31/03/2016	14/04/2016	920	226.02	121,00 €
ULTRAMIC, SL	01-160418	31/03/2016	14/04/2016	450	204	1.162,26 €
GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES, SL	1603524	15/04/2016	22/04/2016	450	221.04	255,49 €

Intervén D. Xosé Uxío Rodríguez Blanco dicindo que no tema das facturas de Dna. Begoña Pérez Vázquez e D. Pedro Trepát Silva (Sogama). Pide que emitan un informe da situación na que queda o Concello de Piñor respecto ao pago do Canon de Sogama e procedemento xudicial. Acéptase pola Xunta de Goberno Local en curso.



Serie A N.º 2620113

Ante de rematar a sesión, procédese a votar fora da orde do día, previa xustificación da urxencia, o seguinte asunto:

A) Aprobación pago das costas do procedemento abreviado 80/2015.

Xustifícase a urxencia na necesidade de executar un Decreto Xudicial 2015, habéndose pagado xa con anterioridade ás outras partes procesais.

Visto o decreto 257/2015 remitido polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº2 de Ourense onde se aproban as costas xudiciais por importe de 235 euros e se condena ao pago ao Concello de Piñor

Visto que é a cantidade que resta por pagar do procedemento abreviado 80/2015 de D. Xosé Uxío Rodríguez Blanco contra o Concello de Piñor

Visto todo o anterior, e dentro das competencias que legalmente me corresponden elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Primeiro.- Ordear o pago de 235 euros consecuencia da taxación xudicial de costas ao que o Xulgado Contencioso-Administrativo nº2 de Ourense condenou a pagar a este Concello no procedemento abreviado 80/2015 de D. Xosé Uxío Rodríguez Blanco contra o Concello de Piñor.

Segundo.- Notificar dito acordo aos interesados (Xulgado Contencioso-Administrativo nº2 de Ourense e D. Xosé Uxío Rodríguez Blanco, para o coñecemento da execución da citada sentenza polo Concello de Piñor.

D. Xosé Uxío Rodríguez Blanco debe absterse de participar no debate neste punto da Xunta de Goberno Local por ter a consideración de interesado.

Aprobar por tres votos a favor.

Conclúe ao fío das 17.50 horas.

